

Informe sobre a vixencia de Plan de Sectorización do 02.05.2007 para solo urbanizable non delimitado (Concello de Vilalba – Expediente XCP-22/025).

ANTECEDENTES

Único.- O 12.09.2022 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (2022/2238830) oficio do Concello de Vilalba no que formula consulta sobre a vixencia do Plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado no PK 621 da N-634 no lugar de Acasilla na parroquia de Goiriz aprobado definitivamente o 02.05.2007 e pendente da tramitación e aprobación do instrumento de equidistribución, nos seguintes termos:

"(...) tendo en conta que na vixente LSG desapareceu a cualificación prevista na LOUG relativa ao solo urbanizable non delimitado, así coma a figura do planeamento relativa aos plans de sectorización; formúlase consulta respecto á vixencia, de acordo coa disposición transitoria primeira 1.b) da LSG, do devandito plan, logo do tempo transcorrido, coa aplicación no seu caso das determinacións recollidas no propio plan de sectorización, ou no caso de que o referido plan non sexa aplicable, se resulta de aplicación a obriga que recolle a disposición transitoria primeira, punto 1 en canto a ordenación detallada do solo urbanizable non delimitado a través dun plan parcial adaptado ás especificacións que se recollen no precepto".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes, sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vilalba conta con Normas Subsidiarias de Planeamento (en adiante, NSP), aprobadas definitivamente o 13.03.1984 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* o 30.04.1984.

O 07.04.2005 o concello aprobou definitivamente unha modificación puntual das NSP, (no sucesivo, MP2005), coa finalidade de crear solo urbanizable non delimitado no PK 621 da N-634 no lugar de Acasilla na parroquia de Goiriz, que se axustou ao disposto na *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (en adiante LOUGA).

O Concello de Vilalba aprobou definitivamente un plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado no PK 621 da N-634 no lugar de Acasilla na parroquia de Goiriz, con data 02.05.2007.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



TERCEIRA.- A disposición transitoria primeira apartado 1 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG) establece que *"o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

(...)

b) Ao solo urbanizable delimitado e non delimitado, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

(...)"

A LSG suprimiu a categoría do solo urbanizable non delimitado e, por esta razón, a disposición transitoria citada prevé as condicións particulares para a súa ordenación a través de plans parciais co contido e especificacións que enuncia.

O Plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado no PK 621 da N-634 no lugar de Acasilla na parroquia de Goiriz foi aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e está adaptado á LOUGA, polo que, de conformidade co previsto na referida disposición transitoria, conserva a súa vixencia, sen que resulte de aplicación a previsión referida á súa ordenación a través de plans parciais, posto que a ordenación urbanística necesaria para a transformación dos terreos xa se produciu a través dun plan de sectorización axustado á LOUGA.

CONCLUSIÓN

1. O Plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado no PK 621 da N-634 no lugar de Acasilla na parroquia de Goiriz foi aprobado definitivamente o 02.05.2007, de conformidade co previsto na LOUGA, e conserva a súa vixencia de acordo co establecido na disposición transitoria primeira apartado 1.b) LSG.

2. A esixencia recollida na disposición transitoria primeira apartado 1.b) LSG de que a ordenación do solo urbanizable non delimitado se realice a través de plans parciais non resulta de aplicación neste suposto porque a MP2005 se desenvolveu mediante un plan de sectorización.

O que se informa, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

